



INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DOS SOBRES Nº 2 DAS PROPOSTAS PRESENTADAS NA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO , DO SERVIZO DE XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ESCOLAS DE VERÁN 2018. PROGRAM MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. CON 17/2018

INFORME RELATIVO Á VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR.

Con data 13 de xuño de 2018, reúnese a mesa de contratación para a apertura dos sobres 1 e 2 das ofertas presentadas no procedemento aberto do servizo sinalado no encabazamento.

Con data 14 de xuño emítese este informe de valoración a petición da mesa de contratación.

De acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas, no punto 9, en relación aos criterios de adjudicación dependentes dun xuízo de valor, valorárase a calidade da programación proposta (estrutura e coherencia en base aos obxectivos do servizo, a idoneidade da programación en relación ás idades dos destinatarios), a diversidade e calidade das actividades e os recursos didácticos propostos, así como o control e o seguimento das actividades.

Programación ata 25 puntos

Obxectivos operativos, metodoloxía..... ata 6 puntos


Actividades e recursos didácticos.....ata 14 puntos

Avaliación, control e sistemas de seguimento..... ata 5 puntos

As propostas achegas son as seguintes:

1.- ACTIVIDADES LUDICAS GALICIA, S.L.

De acordo co punto 13.3 do prego cláusulas administrativas, "Será motivo de exclusión da licitación, que a documentación incluída neste sobre non estea subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada tamén polo licitador, na que declare, que baixo a súa responsabilidade, serán certos os datos achegados". A empresa presenta declaración responsable asinada .



Obxectivos operativos e metodoloxía: ata 6 puntos

Obxectivos : A proposta presentada relaciona todos os obxectivos establecidos no PPT, engadindo os seguintes:

Educación en valores: Igualdade, respecto, solidariedade, empatía etc....

Desenvolver a autoestima e autoconcepto de cada participante e a súa Intelixencia emocional.

Metodoloxía:

A metodoloxía que se vai a utilizar será aberta, flexible e variará en función do contido e grupo co que se traballe. Todas as actividades estarán adaptadas as idades dos participantes así como as necesidades educativas especiais no seu caso.

Temática: Céntrase na educación en valores por quendas: Igualdade, respecto e tolerancia, paz e solidariedade, cooperación e colaboración, autoestima, empatía.g

Grupos de idade: Segundo a demanda existente

Ratio: De acordo co PPT a ratio máxima será de 15 nenos/as por monitor/a. A oferta presentada cumpre o requisito.

Proponse unha puntuación de 5,5 puntos

Actividades e recursos didácticos: ata 14 puntos

Actividades

Segundo o punto 2.8 do PPT as actividades que presentan na oferta adóstanse ao contemplado no mesmo, diferenciando actividades ordinarias e extraordinarias.

A proposta de actividades leva por título COÑECE-T cun eixe temático que pretende fomentar nos participantes a importancia da convivencia e o desenvolvemento da súa intelixencia emocional a través do traballo dos principais valores que deben predominar nunha sociedade igualitaria e democrática, atendendo á necesidade da nosa sociedade na que cada ano se detectan máis casos de conflitos escolares, violencia na infancia, bulling.... De tal xeito que dunha maneira lúdica e divertida se poida crear unha sociedade máis solidaria, respectuosa e igualitaria

Contidos temáticos das quendas

Quenda 1: Igualdade


Quenda 2: Respecto e tolerancia.

Quenda 3: Paz e solidariedade

Quenda 4: Cooperación e colaboración

Quenda 5: Autoestima

Quenda 6 : Empatía.



Inclúese unha descrición exhaustiva das actividades a realizar en cada quenda e un cronograma detallado coas actividades e a secuencia horaria correspondente.

Tipos de actividades:

Obradoiros manuais, musicais, de coñiza

Xogos grupais e ximcanas.

Deportivas, de auga, mediambientais

Saídas pola cidade.

ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS

ENGLISH ACTIVITIES: Cada centro educativo contará con un monitor/a con competencia en inglés de tal xeito que os diferentes grupos irán rotando ao longo da quenda participando en actividades lúdicas, manuais, cancións, xogos grupais en lingua inglesa.

Convivencia no Monte do Gozo: Saída ao Monte do Gozo onde ademais de xogos e actividades ao aire libre realizarán unha comida campestre ampliando o horario desta xornada ata as 17:00 horas.

Instalacións de piscinas en cada centro: Os xogos de auga adoitan ser unhas das actividades máis apreciadas nos programas de verán, polo que constitúen un recurso máis do programa de actividades.

A empresa non especifica as actividades a realizar de 7:45 a 9:00 (servizo madrugadores) e de 14:00 a 16:00 horas (servizo almorzo) cos nenos/as unha vez realizado dito servizo.

Recurso didácticos:

Humanos: Cumpre con todos os requisitos establecidos no PPT (presentación dos currículos do coordinador/a e monitoraxe, cumprindo os requisitos de titulacións académicas).

Materiais e Técnicos: Detalla na súa proposta unha relación bastante ampla de materias a empregar no desenvolvemento das actividades.

Proponse unha puntuación de 13,5 puntos.

AVALIACIÓN CONTROL E SISTEMA DE SEGUIMENTO: ata 5 puntos

Realizarase unha avaliación continua do programa mediante: buzón de suxestións, xuntanzas diarias, semanais de seguimento entre os monitores/as e coordinadores/as, xuntanzas de seguimento do coordinador/a xeral co Departamento de Educación e Cidadanía, consultas diarias de satisfacción e grao de interese dos usuarios, enquisa de avaliación ás familias incluíndo un ítem con detección de novas necesidades e intereses, enquisa de avaliación final aos participantes, ás familias e os equipos de profesionais, e unha memoria final tal e como se especifica no PPT.

Asemade a empresa, na súa oferta, detalla os diferentes protocolos de actuación (accidentes ou enfermidades, toma de medicamentos, entradas e saídas dos participantes, excursións, gravacións de vídeos e fotografías...)



Propónse unha puntuación de 5 puntos.

Cumprindo co establecido no punto 2.12.2 do PPT a empresa achega a relación de menús de xantar e do almorzo, na súa proposición técnica.

2.- SERVIPLUSTOTAL S.L.

Da cordo co punto 13.3 de prego cláusulas administrativas, "Será motivo de exclusión da licitación, que a documentación incluída neste sobre non estea subscribida na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada tamén polo licitador, na que declare, que baixo a súa responsabilidade, seren certos os datos achegados". A empresa subscribe a documentación na súa totalidade.

Obxectivos operativos e metodoloxía: ata 6 puntos

Obxectivos : A proposta presentada relaciona todos os obxectivos establecidos no PPT, engadindo o obxectivo transversal: Fomentar a igualdade de xénero nas actividades que realicen os/as menores.

Metodoloxía: A oferta que presenta considera fundamentais os seguintes elementos: a palabra, o xogo, o grupo, as reunións as actividades especiais, a motivación e valores, natureza e medio- "Ecosociía".

Establécese na oferta como elemento transversal a igualdade en todo o traballo que realiza no seu programa. Desenvolvendo unha serie de estratexias para incluír a perspectiva de xénero en cada unha delas: linguaxe, imaxes, material didáctico, recursos, grupos, actividades.

Temática: O programa leva por nome "Cos pés na pedra: O noso verán en Compostela", está pensada para que en todas as quendas podan achegarse a diversos aspectos do gran poliedro que dá vida a cidade. Para facelo as seis quendas estruturaránse en forma de días temáticos para que participen vivan, coñezan, descubran e se divirtan con actividades diversas que xiran en torno a Compostela e o mundo do lecer.

Grupos de idade: de 3 a 6 anos (infantil) e de 7 a 12 (primaria)


Ratio: A oferta presentada respecta unha ratio máxima dun monitor/a cada 15 participantes tal e como establece o PPT.

Propónse unha puntuación de 5,5 puntos

Actividades e recursos didácticos:ata 14 puntos

Actividades

Segundo o punto 2.8 do PPT as actividades que presentan na oferta axústanse ao contemplado no mesmo, pero non diferencian entre actividades ordinarias e extraordinarias.



A proposta de actividades leva por título "Cos pés na pedra: O noso verán en Compostela", establecendo temáticas diarias que se abordarán en todas as quendas mediante actividades diferentes, variadas e atractivas: Arte e creación- "Laboratorio creativo"; Deporte e ciencia- "Saltar, brincar, explorar"; Natureza e medio - "Ecoescola"; Literatura e xogos - "Ler, contar e xogar"; Barrios, camiños e soños - "Compostela nas nosas mans"

Inclúese unha descrición exhaustiva das actividades a realizar en cada quenda e un cronograma detallado coas actividades e a secuencia horaria correspondente, diferenciando entre dous grupos de idade, infantil e primaria, sen distinguir entre actividades ordinarias e extraordinarias.

Tipos de actividades:

Xogos cooperativos, ambientais, baliado de musicais, ximcanas

Ecoobradoiro de reciclaxe

Murais colectivos,

Obradoiro de movemento e danza tradicional

Xaídas

Contacontos pola igualdade

Experimentos científicos.

A oferta inclúe no servizo de madrugadores e comedor unha serie de obradoiros de hixiene.

Recursos didácticos:

Humanos: A proposta presentada pola empresa non aporta a relación detallada e curriculums do coordinador/a, persoa de secretaría, nin dos monitores o que supón un incumprimento do PPT, correspondendo á mesa decidir a súa exclusión ou non.

Materiais e Técnicos: Detalla na súa proposta todos os criterios establecidos no PPT, dando cumprimento ao mesmo e enumera unha ampla variedade de materiais a empregar nas actividades.


Propónse unha puntuación de 10 puntos.

AVALIACIÓN CONTROL E SISTEMA DE SEGUIMENTO: ata 5 puntos

Realizaranse tres tipos de avaliacións: inicial, diaria e final para valorar o cumprimento dos obxectivos marcados e para medir o nivel de satisfacción dos participantes e das familias. (enquisas para participantes e familias) .Así como a celebración das reunións que fosen necesarias.

Asemade a empresa, na súa oferta, detalle os diferentes protocolos de actuación (accidentes ou enfermidades, toma de medicamentos, entradas e saídas dos participantes, excursións, gravacións de vídeos e fotografías...)

Propónse unha puntuación de 5 puntos.



Cumprindo co establecido no punto 2.12.2 do PPT a empresa achega a relación de menús de xantar e do almuerzo, na súa proposición técnica.

3.- OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.

De acordo co punto 13.3 do prego cláusulas administrativas, "Será motivo de exclusión da licitación, que a documentación incluída neste sobre non estea subscriba na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada tamén polo licitador, na que declare, que baixo a súa responsabilidade, seren certos os datos achegados". A empresa presenta declaración responsable asinada .

Obxectivos operativos e metodoloxía: ata 6 puntos

Os obxectivos que se relacionan na oferta entre outros son os seguintes: favorecer a comunicación e as relacións que se establecen entre o alumnado e os monitores, exercer pautas elementais de convivencia fomentando o compañerismo e empatía e condutas asertivas, desenvolver habilidades manuais e a creativa, interiorizar rutinas, desenvolver hábitos de autonomía.

Metodoloxía:


A metodoloxía que se vai a utilizar será activa e participativa , creando un clima propicio e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e basándose nun aprendizaxe significativo.

Temática: Descubrimento de grandes mulleres da historia contemporánea, mulleres únicas coas que aprender e identificarse a través dun conto. Sorprende que na relación das mulleres que presenta a oferta ningunha represente ao noso país. Non se ve adecuación entre a temática e os obxectivos que figuran na proposta.

Grupos de idade: Variará en función da actividade a realizar, establecéndose grupos de 3 a 6 anos e de 7 a 12 anos.

Ratio: Non se especifica na oferta a ratio neno/a-monitor/a .

Proponse unha puntuación de 4,5 puntos.



Actividades e recursos didácticos: ata 14 puntos

Actividades

Segundo o punto 2.8 do PPT as actividades que presentan na oferta axústanse ao contemplado no mesmo, pero non diferencian entre actividades ordinarias e extraordinarias.

A proposta de actividades leva por título MUJERES DE CUENTO. Cada semana terá unha temática adicada a cada unha das seguintes mulleres:

Quenda 1: A semana da arte con Frida Kalo.

Quenda 2: A semana da ciencia con Marie Curie.

Quenda 3: A semana da música con Ella Fitzgerald.

Quenda 4: A volta ao mundo con Amelia Earhart.

Quenda 5: Protexendo o noso entorno con Dian Fossey.

Quenda 6: A semana do teatro con Audrey Hepburn.

Inclúese unha descrición das actividades a realizar en cada quenda pero non presenta un cronograma detallado coas actividades nin a secuencia horaria correspondente ás mesmas. Establece unhas rutinas de actividades de acollida especificando o horario de 8:00 a 10:00 da mañá, o que non se axusta o horario establecido no punto 2.4 do PPT.


Recursos didácticos:

Humanos: A proposta presentada pola empresa aporta a relación detallada e currículums do coordinador/a, persoa de secretaría, e do monitoraxe. Asemade a persoa proposta como Coordinadora Xeral do servizo non posúe a titulación de Directora de Tempo Libre nin a experiencia esbida como mínima de 5 anos, polo que non cumpre os requisitos establecidos.

Na atención a nenos/as con necesidades educativas especiais a oferta establece que o campamento contará cun monitor de ocio e tempo libre, establecéndose no PPT a esixencia de dous monitores. Entre os materiais que inclúe encontramos, material deportivo, de papelería, audio, identificativo.

Materiais e Técnicos: Non establece na súa proposta a relación completa de todos os materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade, tal e como se recoile no PPT.

Propónse unha puntuación de 6,5 puntos.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
*Departamento de
Educación e Cidadanía*

AVALIACIÓN CONTROL E SISTEMA DE SEGUIMIENTO ata 5 puntos

A oferta contempla unha avaliación diaria do desenvolvemento da actividade polo equipo de monitores cumprindo diariamente unha ficha onde avaliarán as actividades do día e indicando as incidencias no seu caso. Preveña a realización de enquisas a pais e nais así como contactos entre a monitoraxe coordinador, se ben non existe un programa de reunións preestablecido.

Os protocolos de actuación que presenta a empresa son os seguintes, excusa de contexto, enquisa de valoración e protocolo de control de entrada, permanencia e saída, e lesión ou accidente.

Proponse unha puntuación de 4,5 puntos.

En relación coa proposta dos menús de xantar e do almorzo a empresa non establece as dietas de réxime especial establecidas no PPT no seu punto 2.12.4.

4.- A BILLARDA S.L.

De acordo co punto 13.3 do prego cláusulas administrativas, "Será motivo de exclusión da licitación, que a documentación incluída neste sobre non estea subscribida na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada tamén polo licitador, na que declare, que baixo a súa responsabilidade, serán certos os datos achegados". A empresa non presenta declaración responsable asinada nin a documentación está subscribida na súa totalidade polo licitador, polo que a mesa de contratación deberá decidir sobre a súa exclusión.


Obxectivos operativos e metodoloxía: ata 6 puntos

Asume os obxectivos do PPT, engadindo entre outros: utilización do xogo como ferramenta básica e imprescindible en todas as súas dimensións e modalidades, contribuir ao desenvolvemento integral do alumnado.

Metodoloxía: O equipo de traballo deberá de crear un clima relaxado e alegre con todos/as os participante, promovendo unha metodoloxía activa e participativa nas diferentes actividades, reforzando as actitudes positivas e favorecendo a crítica construtiva . A dinámica de traballo de equipo favorecerá a búsqueda de lazos afectivos promovendo a igualdade, a coeducación e o traballo de valores positivos como a paz e non violencia, a amizade, o traballo en equipo, o benestar físico e mental, a mellora da autoestima, o cuidado e respecto polo medio ambiente e o autoconcepto entre outros.

Temática: O eixo temático é diferente cada semana, non se establece un fío condutor da temática a seguir.

Grupos de idades: De 3 a 6 anos (infantil) e de 7a 12 anos (primaria)



Ratio: Un monitor por cada 15 de nenos/as tal e como establece o PPT.

Proponse unha puntuación de 4,5 puntos.

Actividades e recursos didácticos: ata 14 puntos

Actividades

Segundo o punto 2.8 do PPT as actividades que presentan na oferta axústanse ao contemplado no mesmo, pero non diferencian entre actividades ordinarias e extraordinarias.

A proposta de actividades é diferente cada semana establecéndose as seguintes quendas

Quenda 1: Trotamundos

Quenda 2: Frida Kalo

Quenda 3: DivertiArte

Quenda 4: A vida pirata, a vida mellor.

Quenda 5: Circo da ALEGRIA

Quenda 6: ConSentido

Inclúese unha breve descrición das actividades a realizar en cada quenda e un cronograma de actividades e a secuencia horario correspondente. (diferencia en cronograma grupos de idade)

Tipo de actividades:

Contacontos

Xogos musicais, deportivos , cooperativos

Obradoiros plásticos

Saídas


A temática e contidos carecen de fio condutor, non se aprecia un proxecto educativo maduro e especialmente coherente.

Recursos didácticos:

Humanos: Soamente presenta curriculum do coordinador/a , non cumprindo o establecido no punto 2.9 paragrafo 6º do PPT. A persoa que propoñen como coordinador/a non cumpre o requisito de experiencia mínima esbida.

Materiais e Técnicos: Non detalla na súa proposta materias dispoñibles para o desenvolvemento das actividades.

Proponse unha puntuación de 6,5 puntos.



AVALIACIÓN CONTROL E SISTEMA DE SEGUIMIENTO: ata 5 puntos

Realizaranse tres tipos de avaliación: inicial, continua recollendo información case diariamente a través de diferentes ferramentas atendendo aos seguintes indicadores: familia e menores (cuestionarios de satisfacción, listaxes de asistencia e participación, rexistro de novas familias e incidencias) e unha avaliación final recollendo información xerada durante todas as quendas extraendo conclusións sobre a evolución. Todo se recollerá nunha memoria final.

Toda a información almacenarase na plataforma Google Drive á que terá acceso o coordinador, os responsables municipais que o soliciten, as familias que cumprimenten o cuestionario por esta vía.

Asemade a empresa inclúe protocolos de actuación nas diferentes áreas (sanitarias, recollida de menaxes, fotos e vídeos)

Proponse unha puntuación de 5 puntos.

Non achega información en relación ao servizo de almorzo e xantar (menús)

5.- ORBITA INFANTIL

De acordo co punto 13.3 do prego cláusulas administrativas, "Será motivo de exclusión da licitación, que a documentación incluída neste sobre non estea subscribida na súa totalidade polo licitador, ou non vela acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada tamén polo licitador, na que declare, que baixo a súa responsabilidade, serán certos os datos achegados". A empresa presenta relación de documentación presentada pero non declaración responsable de veracidade da mesma e asina as páxinas do índice, polo que será a mesa de contratación a que decida sobre a súa exclusión.

Obxectivos operativos. metodoloxía: ata 6 puntos

Obxectivos: A proposta presentada relaciona todos os obxectivos establecidos no PPT, engadido a maiores unha serie de obxectivos xerais e específicos do seu proxecto "Imaxinaria, un mundo de fantasía"


Metodoloxía: A metodoloxía proposta está xustificada e resulta acorde aos obxectivos a conseguir. Proponse unha metodoloxía cooperativa, participativa, creativa, igualitaria e lúdica. Aínda que plántexa unha metodoloxía colectiva, esta personalizarase en atención ás necesidades educativas específicas que se presenten.

Temática: A proposta técnica desenvolve de xeito coherente o proxecto lúdico-pedagóxico "Imaxinaria, Um mundo de Fantasía". A temática arredor da que xira a metodoloxía educativa é o mundo da fantasía e a imaxinación.

Grupos de idade: Distínguense, a súa vez, tres grupos de idade (de 3 a 5 anos, de 6 a 8 anos e de 9 a 12 anos).

A ratio de monitorado respecto alumnado é a de 1/15, ratio mínima establecida no prego.

Proponse unha puntuación de 6 puntos.



Actividades e recursos didácticos: ata 14 puntos

Actividades:

Segundo o punto 2.8 do PPT as actividades que presentan na oferta axústanse ao contemplado no mesmo, diferenciando entre actividades ordinarias e extraordinarias.

Con carácter previo á descrición da programación de actividades, a proposta describe os contidos da programación; contidos tanto transversais coma os propios da temática. A proposta destaca especialmente polos contidos descritos, tanto transversais: a educación física, artística, musical, teatro, igualdade, educación en valores, animación á lectura, e o medio ambiente, como os temáticos: fantasía, imaxinación, contos fantásticos, pintura, escultura, morfoloxía das cidades, morfoloxía dos pobos, emocións, a mitoloxía, Leonardo da Vinci (grande inventor), etc...

A programación das actividades responde a unha secuencia temporal temática; unha viaxe a través do cal os nenos e nenas aprenderán a construír o seu propio mundo de Imaxinaria. O proxecto educativo expónse de xeito maduro e é coherente cos obxectivos e contidos descritos.

Tipo de actividades

As actividades que conforman a programación son diversas e acordes aos grupos de idade establecidos.

Contéplanse actividades transversais (entre as que destaca aquelas destinadas a traballar a igualdade de xénero e a diversidade cultural e étnica), actividades ordinarias.

ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS

Establece una relación de actividades extraordinarias tales como festas, saídas, excursións, visitas e festa final da escola. Destaca a previsión de actividades para o servizo de madrugadores ("recunchos lúdicos") coma despois do xantar (xogo libre tutelado).


O cronograma é moi completo. A proposta describe a programación íntegra de todas as quendas e para os tres grupos de idade contemplados.

Recursos didácticos:

Humanos: Figuran os CV de todo o persoal de atención aos nenos e nenas (coordinadora, monitorias e persoal de secretaría) e se cumpre o requisito fixado no prego da experiencia mínima de cinco anos da persoa que asuma a coordinación xeral da Escola.

Materiais e Técnicos: A proposta enumera de xeito exhaustivo os materiais precisos para o desenvolvemento da Escola: material audiovisual, soporte informático, material musical, deportivo, grandes xogos, xogos de distensión e cooperativos así como material para os servizos de comedor, establecidos no PPT, dando cumprimento ao mesmo.

Propónse unha puntuación de 14 puntos.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
*Departamento de
Educación e Cidadanía*

AVALIACIÓN CONTROL E SISTEMAS D ESEGUIMENTO: ata 5 puntos

Fíxase un sistema de avaliación continua. As ferramentas a empregar son reunións, contactos telefónicos e vía mail con periodicidade semanal, así como enquisas a informantes clave (pais e nais, monitores/as e persoas participantes) ou intercambio de información máis informal, como impresións diarias e comunicación persoal. As reunións plantéxanse en tres momentos clave: ao inicio, unha vez transcorrido o 50% e ao remate.

A proposta recolle unha enumeración exhaustiva de indicadores de xénero, sobre o proxecto e de avaliación das familias.

Asemade a empresa, na súa oferta, detalla os diferentes protocolos de actuación (toma de medicación, entradas e saídas, captación de imaxes en foto e vídeos, excursións, incidencias, accidentes....)

Proponse unha puntuación de 4,5 puntos.

Cumprindo co establecido no punto 2.12.2 do PPT a empresa achega a relación de menús de xantar e do almorzo, na súa proposición técnica.



CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación e Cidadanía

En relación ao resultado das valoracións obtidas por cada entidade licitadora en cada un dos criterios de valoración, procedese ao sumatorio e a ordenación das empresas clasificadas por orde de puntuación

EMPRESA	CRITERIOS DE VALORACIÓN				TOTAL
	Obxectivos operativos, metodoloxía	Actividades e recursos didácticos	Avaliación, control e sistmeas de seguimento		
ORBITA INFANTIL SC	6	14	4,5	24,5	
ACTIVIDADES LÚDICAS DE GALICIA SL	5,5	13,5	5	24	
SERVIPLUSTOTAL SLU	5,5	10	5	20,5	
A BILLARDA S.	4,5	6,5	5	16	
OSVENTOS	4,5	6,5	4,5	15,5	

Tendo en conta o exposto segundo o encomendado pola Mesa de contratación, redactase este informe, sometendo en todo a outro mellor fundado técnica e xuridicamente.

En Santiago de Compostela, a 14 de xuño de 2012.

A Técnica do Departamento de Educación

Ma Dolores Casás Chenda



